



DEPARTAMENTO DE CIENCIAS NATURAIS

4ºESO-BIOLOXÍA E XEOLOXÍA- Curso 2020-21 Presentación

Profesora: Ana González Cabaleiro

Materia: Bioloxía e Xeoloxía:

Contidos de Bioloxía relacionados coa estrutura celular e a herdanza dos caracteres e a evolución.
Contidos de Xeoloxía relacionados coa tectónica e a historia da Terra.
Contidos de ecoloxía relacionados co funcionamento dos ecosistemas e a relación entre a actividade humana e o entorno.

Horario: Tres sesións semanais de clase.

Material necesario:

Libro de texto

Caderno ou ficheiro (as páxinas deben estar numeradas e coa data)

Material de escritura: bolígrafos de dúas cores, lapis e afialapis ou portaminas.

Un ordenador. Conexión á internet. Un pendrive de memoria

En caso de ensino non presencial. Traballaremos a través da aula virtual.

Avaliación e criterios de cualificación


Avalíase por competencias, pero terá tamén unha nota numérica que depende de:

- 70% Probas escritas ou exames
 - Presenciais
 - Probas na aula virtual (se o ensino é non presencial)
- 30% Traballo diario
 - Participación nas actividades propostas na clase
 - Actividades do caderno (avaliarase na clase ou a través da aula virtual)
 - Actividades para entregar (recollelense na clase ou enviaranse pola aula virtual)

IMPORTANTE: Faremos exames por temas, pero as recuperacións son por trimestre.

As competencias clave do currículo, son as seguintes:

Competencia	% na nota
Comunicación lingüística (CL)	13
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)	22
Competencia dixital (CD)	5
Aprender a aprender (AA)	34
Competencias sociais e cívicas (CSC)	12
Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (IE)	13
Conciencia e expresións culturais (CEC)	3



Consellos para un bo avance na materia

Leva os contidos ao día. Ponte un horario,... e cumpreo !

Le os temas do libro na casa. Volve a ler os temas do libro...

Fai as actividades nos prazos solicitados.

Se non hai actividades, le, le e le...

Anota as dúbidas e pregunta na clase.

Coida o aspecto do caderno: ordenado, limpo, con boa letra, vixía a ortografía e a expresión.

Volver a ler os temas do libro,.... Xa van tres lecturas? Entón, xa o sabes

Repasar para o exame.

Durme sempre oito horas como mínimo.

Se non che deu tempo a ler ou a facer as tarefas, non te agoníes, xa o farás mellor a próxima vez.

Non deixes de descansar e tomarte un respiro de cando en vez. A túa saúde é o primeiro.